

## Macromagnitudes das Administracións Públicas

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos e utilidades

Recóllese nesta publicación o resume da actividade económica e financeira do sector público en Galicia, tomando como base os orzamentos previstos e as liquidacións orzamentarias de gastos e ingresos dispoñibles en cada momento dos diferentes niveis das Administracións Públicas, para cada ano, que permite unha visión dinámica da xestión económica do sector público.

Con este obxectivo preténdese poñer a disposición dos usuarios de xeito estruturado e homoxéneo a información sobre o sector público galego.

#### 2. Ámbito de investigación

##### Ámbito poboacional

O conxunto das distintas Administracións Públicas: autonómica, estatal e local.

##### Ámbito xeográfico

O territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Ámbito temporal

O período de referencia dos datos é anual.

#### 3. Definicións e aspectos metodolóxicos

O sector das Administracións Públicas inclúe, segundo o SEC, tódalas unidades institucionais que son outros produtores non de mercado, dos que a súa produción se destina ó consumo individual ou colectivo, que se financian principalmente mediante pagos obrigatorios efectuados por unidades pertencentes a outros sectores e/ou que efectúan operacións de redistribución da renda e da riqueza nacional. No caso da presente publicación temos en conta as unidades institucionais de Galicia que, organizadas por subsectores serían as seguintes:

- Administración Xeral da Xunta de Galicia e os seus Organismos Autónomos, tanto os de carácter administrativo (Sergas, EGAP, IGE, Instituto Galego de Consumo, Augas de Galicia, Academia Galega de Seguridade e Servizo Galego da Igualdade), como os de carácter

industrial, comercial ou financeiro (Instituto Galego de Vivenda e Solo, Fondo de Garantía Agraria –antes Instituto Lácteo Gandeiro- e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais). Tamén incluímos a información referente ás tres universidades galegas.

- Administración Local, incluíndo ós concellos e Deputacións provinciais.
- Administración Central en Galicia: Delegacións e Subdelegacións do Goberno en Galicia, as súas áreas funcionais, e os Ministerios en Galicia.

Segundo a clasificación económica dos ingresos e gastos, inclúese a información tanto das operacións correntes como as de capital. Por unha banda denomínanse *ingresos correntes* os relativos ós impostos directos e indirectos, as taxas e outros ingresos, as transferencias correntes (que serán ingresos de natureza non tributaria destinados a financiar operacións correntes) e os ingresos patrimoniais (procedentes de rendas do patrimonio da entidade); denomínanse *ingresos de capital* tanto o alleamento de inversións reais (ingresos procedentes de transaccións de bens de capital que sexan propiedade da entidade), as transferencias de capital (ingresos de natureza non tributaria destinados a financiar operacións de capital), e os ingresos procedentes de activos e pasivos financeiros; por outra parte, serán *gastos correntes* os gastos de funcionamento dos servizos (persoal e gastos en bens correntes e servizos), os xuros e as transferencias correntes, mentres que serán *gastos de capital* os investimentos reais (creación de infraestructuras, creación ou adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento dos servizos e outros gastos de carácter amortizable), as transferencias de capital (créditos por parte da entidade destinada a financiar operacións de capital), e os gastos procedentes de operacións con activos e pasivos financeiros.

As liquidacións de orzamentos veñen determinadas por dúas variables básicas: no caso dos ingresos os *Dereitos Recoñecidos Netos* e no caso dos gastos as *Obrigas Recoñecidas Netas*.

Son *Dereitos Recoñecidos* os dereitos efectivamente ingresados ou que están pendentes de cobrar que xorden como consecuencia de acontecementos pasados, en virtude dos que o debedor queda obrigado a satisfacer á entidade unha determinada cantidade de diñeiro, nun momento concreto coas condicións que se derivan do seu soporte documental; son *Netos* cando non inclúen os dereitos cancelados ou anulados.

Son *Obrigas Recoñecidas* as débedas que supoñen pasivos para a parte debedora que proveñen de transaccións, acordos ou acontecementos de natureza orzamentaria ou non orzamentaria acontecidos en tempo pasado, en virtude dos que a entidade se comprometeu a realizar, ó vencemento da mesma, unha prestación avaliada economicamente; son *Netas* cando non inclúen as obrigas canceladas ou anuladas.

O recoñecemento dun gasto ou dun ingreso ten que realizarse simultaneamente ó momento en que se rexistren as variacións de activos ou obrigacións que estes orixinan, polo que non ten por que coincidir co momento no que se produce o gasto ou o ingreso, e implica a súa imputación ó correspondente orzamento de gastos ou ingresos.

Ademais das liquidacións de orzamentos, utilizamos as variables orzamentarias para reflectir os ingresos e os gastos; constitúen as previsións iniciais que tras modificacións orzamentarias, darán lugar ós datos de liquidacións definitivos. Na variable *Orzamento inicial* recollemos por unha parte en ingresos, os dereitos que se ten previsto liquidar durante o exercicio correspondente, e en gastos a cifra que como máximo pode recoñecerla entidade durante o exercicio.

A comparación entre ámbolos dous tipos de variables debe facerse con coidado por ser nun caso cantidades xa liquidadas e noutro caso previsións.

#### **4. Recollida da información**

A información recompilada está tomada de diferentes fontes de orixe administrativa, levando a cabo un labor de homoxeneización da mesma; as fontes utilizadas son as seguintes:

- Os datos referentes á Administración autonómica: por unha banda, os datos referentes á Xunta e ó Sergas son obtidos das bases de datos de ingresos e gastos detallados, facilitadas directamente en formato electrónico pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia. Por outra parte, os referentes ó resto dos Organismos Autónomos da Xunta proceden das publicacións *Conta dos Organismos Autónomos de carácter administrativo* e *Conta dos Organismos Autónomos de carácter industrial, comercial, financeiro ou análogo*, para cada ano, da Xunta de Galicia. A información económica das Universidades ven recollida nas Memorias Económicas e Liquidacións das tres universidades galegas: A Coruña, Santiago e Vigo, así como a información publicada anualmente no DOG sobre os seus orzamentos.

- En canto ás Administracións Locais, para o ano 1999 levouse a cabo unha investigación estatística por enquisa sobre as liquidacións orzamentarias de concellos e deputacións galegas (ver nota ao final deste documento); nos demais casos utilizamos as últimas publicacións dispoñibles sobre este tema do Ministerio de Hacienda, en concreto a *Liquidación de Presupuestos de las Entidades Locales.* e os *Presupuestos de las Entidades Locales..* Ámbalas dúas obteñen a información de forma exhaustiva de tódalas Deputacións provinciais e de tódolos concellos con poboación superior a 5.000 habitantes; para os concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes investigan o 87,9% dos concellos no caso das liquidacións do ano 2001 e o 89,5% no caso dos orzamentos do ano 2002.

- A Administración Central aparece recollida nas Memorias da Delegación do Goberno en Galicia, no capítulo de gastos; para a Delegación e Subdelegacións do Goberno e as áreas funcionais só se inclúen os gastos de funcionamento, que son os que recollen ditas Memorias. No caso dos Ministerios en Galicia tamén se facilita información sobre os gastos de transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital.

## **5. Presentación de resultados**

Os datos son difundidos a través da internet e en soporte papel mediante un folleto específico no que se presentan os principais resultados nun formato de táboas e gráficos comentados.

A información na páxina web aparece estruturada por ano de referencia. Nas táboas utilízase a clasificación económica dos gastos e ingresos, na seguinte orde: unha primeira desagregación das institucións públicas por subsector da Administración Pública: Administración Autónoma, Administración Local e Administración Central en Galicia. Nunha segunda desagregación aparece a información segundo se trate de previsións orzamentarias ou resultados de liquidacións, e en cada un deles, os distintos conceptos de ingresos e gastos.

A unidade empregada en tódalas táboas da web son miles de euros.

### **Nota: Metodoloxía empregada para a elaboración das liquidacións orzamentarias da Administración Local no ano 1999**

Investigáronse exhaustivamente as deputacións provinciais, e por mostraxe probabilística a subpoboación formada polos concellos de Galicia, agrupándoos por estratos segundo a provincia, intervalos de poboación dos mesmos e peso dos gastos de funcionamento sobre o orzamento local. Os concellos de máis de 20.000 habitantes foron investigados exhaustivamente, e a distribución da mostra elixida entre os restantes concellos fíxose utilizando afixación óptima, establecendo as restriccións de que os coeficientes de variación para as estimacións de gastos de persoal non superasen o 10% en ningunha das agrupacións provincia/tamaño, o 2% en cada provincia, e o 1% no total de Galicia. A mostra quedou integrada así por un total de 73 concellos, dos que se obtiveron as liquidacións desagregadas a nivel de artigo.

Utilizando estimadores de razón para os montantes por artigo e por estrato, agregados segundo os distintos niveis definidos, obtivéronse as estimacións das variables obxecto de análise.

A información do marco foi cedida polo Consello de Contas, trala difusión no primeiro trimestre de 2002 do informe anual de fiscalización para o exercicio de 1999. O Consello de Contas puxo tamén á disposición do Instituto os documentos contables completos dos concellos da mostra. As cifras de poboación foron subministradas polo Instituto Nacional de Estatística.